

## **A Montaña presenta alegacións ó Plan Director da Rede Natura que inclúe máis custos para os gandeiros e impide a industrialización dos Concellos**

**Os Alcaldes socialistas defenden a creación dun órgano superior de toma de decisións no que afecte a todo o disposto no documento, representado non só por membros da Xunta senón polas distintas agrupacións veciñais, agricultores e propietarios dos montes comunais**

**Tendo en conta que axustarse a esta normativa non só implica o cumprimento de medidas moi restritivas, senón que supón un incremento no investimento que os gandeiros teñen que facer, consideran que o Goberno galego "está afogando cada vez máis ó rural", pois en ningún caso o documento contempla medidas económicas compensatorias que palíen estas restricións**

**Consideran que se trata dun atraco á economía da zona, xa que se reduce a creación de novos postos de traballo ó quedar prohibidos os parques eólicos, as instalacións agrícolas, as infraestruturas destinadas ó apoio da gandeiría extensiva e intensiva, os establecementos que aloxen, manteñan os crien animais; as instalacións apícolas; ous as construcións dirixidas á xestión e explotación forestal**

**Denuncian que a Xunta non tivese en conta as condicións xeográficas e orográficas da Montaña, pois o 75% da superficie destes Concellos estaría afectada. Segundo o Plan, mentres Lugo é a única provincia galega na que aumenta a extensión declarada, na de Ourense esta reducirase un 4%. Coruña e Pontevedra teñen, respectivamente, un 29% e un 37% menos que a luguesa**

Os Alcaldes socialistas da Montaña (Becerreá –Manuel Martínez-, Cervantes –Benigno Tadín, Fonsagrada –Argelio Fernández-, Navia de Suarna –José Fernández-, e Pedrafita –José Luis Raposo-) anunciaron este xoves que veñen de presentar as alegacións ó Plan Director da Rede Natura 2000 da Consellería de Medio Ambiente porque esta medida supón novos gastos para os gandeiros; impide a industrialización destes Concellos e que os produtores poidan ampliar a súa capacidade produtiva. Así mesmo, denuncian que a Xunta de Galicia en ningún momento consensuase esta iniciativa cos produtores afectados e cos donos das fincas, que non tivese en conta que, por condicións xeográficas e orográficas, a Montaña de Lugo é unha das zonas máis afectadas de Galicia con este Plan e que, en ningún caso, o documento contemple medidas económicas compensatorias que palíen as fortes medidas restritivas que aplica ós gandeiros.

Raposo subliña que "o Goberno galego leva protexendo a fauna hai moitos anos. Écheselle a boca dicindo que hai que protexela, pero o que necesita protección son as persoas que coidan aquilo". Neste senso, o Rexedor que, recoñeceu ver no día de onte un oso diante da súa casa, indicou que "o que queren é botarnos de onde vivimos. Este Plan é unha aberración. Está feito ás espaldas dos veciños. Os directores do mesmo teñen que ser os que naceron neste contorno. Non ten sentido, prevalece todos menos a gandeiría. Semella que somos os humanos os que destruímos a Rede Natura. No caso de Pedrafita, xa temos o 97,8% da superficie neste espazo, todo menos a autovía. O único que pretenden é destruír a Montaña", concluíu.

A este respecto, os Alcaldes socialistas non descartan pedir un estudo de canto cobra e de canto paga a administración autonómica por hectárea ó abeiro desta iniciativa.

## **A provincia de Lugo a máis perxudicada**

O 29 de xuño de 2011 o Goberno galego publicou a proposta de ampliación da Rede Natura, segundo a cal Galicia quedaría conformada por un total de 79 Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) que ocupan unha extensión de 649.000 hectáreas, fronte ás 374.000 actuais. Isto supón un aumento do 73% fronte ó anterior. Dos 315 municipios galegos, 267 posúen territorios incluídos na RN. Destes, 138 inclúen menos do 10% da superficie municipal dentro deste espazo, mentres que 108 achegan entre o 10% e o 50%; 21 máis do 50% e, tan só 7, máis do 75% da superficie. Neste último caso, inclúense os Concellos situados exclusivamente na Montaña de Lugo, é dicir, os de Fonsagrada e Negreira de Muñiz e os da comarca dos Ancares.

En Lugo, o incremento supón que a provincia pasará de ter o 44% da Rede Natura de Galicia ó 45%; moi por encima de Ourense que reducirá a súa superficie do 35 ó 31%. A Coruña quedará cun 16% e Pontevedra cun 8%. Esta valoración implica que, en todos os Concellos que teñan unha superficie inferior á indicada, quedan prohibidas totalmente as construcións e instalacións agrícolas; infraestruturas destinadas ó apoio da gandería extensiva e intensiva; granxas; establecementos que aloxen, manteñan os crien animais; instalacións apícolas; construcións dirixidas á xestión e explotación forestal; ou instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e ó subministro do carburante.

Neste senso, o Rexedor de Fonsagrada subraiou que "consideramos que a proposta supón un lastre para o desenvolvemento dos nosos Concellos que son eminentemente gandeiros. Cremos que se trata dunha porcentaxe o suficientemente elevada como para que o trato á esta zona da provincia sexa diferente, pois a situación de Lugo é bastante diferente á de Coruña ou a de Pontevedra.... Pero a Xunta fai caso omiso, e volve a discriminar a esta zona da provincia. O caso máis recente, témolo cos servizos do HULA. Resulta que agora non se vai contratar un especialista de Hemodinámica en Lugo, e este servizo só vai ter horario de oficina, de 8 a 3, pois que nós saibamos os infartos poden aparecer as 4, as 7, as 12 da noite...". A este respecto, destacou que "esta é a Xunta de Galicia que temos, que obriga ós veciños desta zona a facer, nalgúns casos, un percorrido de 4 horas dende que os recolle á ambulancia e voltan ás súas casas; unha Xunta que sube a taxa da recollida do lixo; unha Xunta que o único que fai é discriminar o rural...".

## **Consecuencias económicas**

Na maioría dos casos, axustarse á normativa da Rede Natura non só implica o cumprimento de medidas moi restritivas como as indicadas, senón que supón un incremento no investimento que os gandeiros teñen que facer porque as construcións teñen levar un material determinado e unhas características axustadas ó medio no que se prevén executar. "Novamente asistimos á política da Xunta de que paguen os que poden e, os que non, terán que pechar as súas explotacións ou, no mellor dos casos, quedarse co que teñen". Neste senso, condideran que a Xunta de Galicia "está afogando cada vez máis ó rural", pois os datos aportados polo Intituto Galego de Estatística indican que Lugo perderá nos próximos 10 anos o 7,5% dos seus habitantes, e moitas comarcas sufrirán o aumento do número de maiores de 65 anos, cuadruplicando ós menores de 20.

Esta dinámica regresiva increméntase, din, coas políticas da Xunta, pois o goberno de Feijóo non está a facer nada para buscar unha solución a curto prazo. "Coa Xunta de Galicia vamos hacia a extinción do ser lucense e do ser galego". No caso da provincia, un dos Concellos máis afectados polo Plan é precisamente o de Fonsagrada, xa que o Plan non recolle dentro do seu territorio ningunha zona de uso xeral, sendo todo de protección e conservación. Neste senso, o Argelio Fernández, destacou que, tendo en conta que o seu municipio é o máis grande de Galicia con 440 quilómetros cadrados, e a poboación de máis de 65 anos supera o 40%, "ou protexemos as persoas que viven detro do territorio ou senón vai desaparecer a Montaña, xa que non se potencia a creación de empresas e todo deriva no privado e no negocio". Así mesmo, o Rexedor subliñou que "de Europa veñen cantidades importantes, pero a Xunta non repercute estes fondos nos municipios afectados nin nos propietarios

dos terreos. Ademais, o prezo do solo incluído na Rede Natura, dende o punto de vista catastral, baixa un 30% con respecto ó solo rústico. O único que vai haber que facer é largarse porque só así lles cadrarán as contas”, afirmou o Alcalde fonsagrado.

## Alegacións máis destacadas

O Alcalde de Pedrafita explicou as alegacións máis destacadas, e que son a proba evidente de que o Plan Director vai en detrimento do desenvolvemento endógeno destes Concellos. Neste senso, as demandas propostas polos socialistas son as seguintes:

**PRIMEIRA:** O espazo protexido da Rede Natura 2000 considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novos aproveitamentos industriais como é o caso da enerxía eólica, fotovoltaica ou hidráulica. É dicir, nos núcleos incluídos neste sistema queda totalmente prohibida a construción de parques eólicos. O Plan supón un atraco á economía dos nosos Concellos, pois a construción destas instalacións levaría consigo a creación de dúcias de postos de traballo directos e outros tantos indirectos na Montaña; unha zona que, lamentablemente, conta con moita dispersión xeográfica e moitas das aldeas están totalmente abandonadas.

Esta medida é máis incomprendible se cabe, se se ten en conta que, tal e como din os expertos, na zona de Montaña é onde sería máis viable a instalación destes parques, xa que existen muíños que se poden converter en instalacións hidroeléctricas sen alterar o máis mínimo o medio ambiente. Pero é que, ademais de non poder facelos, o Plan non inclúe nin unha soa liña de compensacións económicas para os Concellos que non poden instalar os parques eólicos por ser espazo protexido.

Por elo, consideran que se debería crear un órgano superior de toma de decisións no que afecte a todo o disposto no Plan Director, representado non só por membros da Xunta senón polas distintas agrupacións veciñais (gandeiros, agricultores, montes veciñais, etc).

**SEGUNDA:** Está relacionada co artigo 4 do Plan Director.

Os Alcaldes non comparten a prevalencia do establecido no Plan fronte a calquera outro instrumento de ordenación territorial, xa que isto deixaría baleiro de contido as competencias de ordenación do territorio do municipio. É dicir, o Plan Director non pode prevalecer sobre os usos e costumes das persoas que viviron sempre nos nosos Concellos.

**TERCEIRA:** Artigos 15 e 19: Opóñense á zonificación plantexada no anexo III, xa que están en desacordo dos núcleos rurais incluídos na zona de protección.

**CUARTA:** Artigo 53. Moitos dos Concellos, como pode ser o de Pedrafita, non son nin nunca foron un lugar de hábitat natural do oso pardo ou do lobo. A protección que se brinda con este Plan a estes animais non pode prevalecer fronte á protección que merece a gandeiría, á que, pola contra, si que afecta directamente. Neste caso, de manter unha protección semellante a ditos animais, consideran que debería compensarse economicamente ós que sofren as consecuencias de dita protección. É dicir, ós gandeiros.

**QUINTA:** Artigos 63 e 68 . A prohibición de certos usos tradicionais que inclúe o Plan limita moitas actividades agrícolas e gandeiras. “Non podemos admitir a xustiza de denegar novas explotacións, cando se trata de zonas moi despoboadas, que o que precisan é todo o contrario, isto é, fomentar a creación de novas granxas ecolóxicas ou impulsar as actividades forestais”. Neste senso, defenden que, tendo en conta que existen un exceso de usos e actividades, e de infraestruturas e obras prohibidas e autorizables nas zonas de protección, estas medidas precisarían, polo menos, do consenso entre a Xunta e os cidadáns afectados.

21 de novembro de 2013

Saúdos,

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo